

En zona urbana, a recollida comezará: durante os meses de xuño a setembro, inclusive, ás 21:00 horas. O resto do ano, ás 20:00 horas. Na súa consecuencia, os posuidores de residuos sólidos deberán depositalos nos contedores antes do comezo da recollida.

Segunda.—Toda persoa que produza ou posúa residuos sólidos susceptibles de xeraren efectos nocivos sobre o solo, a flora ou a fauna, de degradaren o contorno ou a paisaxe, de contaminaren o aire ou as augas, de xeraren malos olores, e, en xeral, de atentaren contra a saúde humana ou o medio ambiente, está obrigada a realizar ou poñer as condicións para que se realice a súa eliminación conforme ó preceptuado na Lei 10/97, de R.S.U.G.

Terceira.—Os produtores ou posuidores de residuos sólidos que polas súas especiais características poidan producir trastornos nas operacións de recollida, transporte, almacenamento, valorización, tratamento ou depósito controlado, estarán obrigados a proporcionar ó Concello información completa sobre a súa orixe, cantidade e características.

Para o caso de que o produtor ou posuidor de residuos llos entregue a persoa física ou xurídica que non posúa a condición de xestor, deberá responder solidariamente con ela de calquera prexuízo que poida producirse, así como das sancións que lle puidesen ser impostas.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

17º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN DOS SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS.

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da Taxa por utilización dos servizos deportivos municipais de Cambados.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúen o feito imponible da taxa a prestación dos servizos de piscinas, instalacións deportivas e outros servizos análogos, especificados na tarifa desta taxa.

ARTIGO 3º.—SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa desta taxa.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFA
(IVE non engadido)

<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE</i>	
ENTRADAS		
ADULTO (A partir de 18 anos)		3,55 €
*RAPAZ (Hasta 14 anos)		1,73 €
XOVEN (14-17 ANOS), XUBILADO E PENSIONISTA		2,39 €
ABONADOS		
CUOTA INSCRIPCIÓN ABONADOS		18,02 €
COTA MANTEMENTO ABONO		5,94 €
INDIVIDUAL MAÑAS		23,14 €
INDIVIDUAL		29,99 €
INDIVIDUAL XOVEN (MENOR 18 ANOS)		20,35 €
INDIVIDUAL 3ª EDADE		21,52 €
FAMILIAR (2 persoas)		37,10 €
FAMILIAR (Máis de 2 persoas)		44,36 €
FAMILIAR 3ª idade		29,99 €
CURSOS DE NATACIÓN (1)		
	<i>ABONADOS</i>	<i>NON ABOADOS</i>
ADULTOS (1 días/semán)	8,48 €	16,14 €
ADULTOS (2 días/semán)	14,41 €	28,72 €
ADULTOS (3 días/semán)	19,18 €	38,37 €
RAPACES/AS (1 día/semán)	5,43 €	10,20 €
RAPACES/AS (2 días/semán)	9,59 €	19,18 €
RAPACES/AS (3 días/semán)	13,19 €	26,39 €
BEBÉS (1 día/semán)	12,03 €	14,36 €
BEBÉS (2 días/semán)	23,90 €	27,05 €
BEBÉS (3 días/semán)	35,93 €	39,48 €
REHABILITACIÓN (2 días/semán)	17,97 €	29,99 €
REHABILITACIÓN (3 días/semán)	23,90 €	35,93 €
TERCEIRA IDADE (1 días/semán)	5,43 €	10,20 €
TERCEIRA IDADE (2 días/semán)	10,20 €	19,69 €
TERCEIRA IDADE (3 días/semán)	13,75 €	26,95 €
MATRONATACIÓN (2 días/semán)	10,76 €	21,52 €
NATACIÓN ESCOLAR (1 día/semán)	7,76 €	7,76 €
ESCOLA NATACIÓN (1 día/semán) 90 min/ses	10,76 €	19,69 €
GRUPOS DE ASOCIACIÓNS OU CLUBES (MÁIS DE 10 PERSOAS)		
ADULTOS		13,20 €
NENOS, PENSIONISTAS E MINUSVÁLIDOS		7,76 €
SALA DE FITNESS (1)		
ACTIVIDADE:	<i>ABONADOS</i>	<i>NON ABOADOS</i>
AEROBIC-STEP (3 días/semán)	3,55 €	23,90 €
AEROBIC-STEP (2 días/semán)	2,39 €	21,52 €
CICLO INDOOR (2 días/semán)	2,39 €	29,99 €
CICLO INDOOR (3 días/semán)	3,55 €	43,14 €
MANTEMENTO (2 días/semán)	2,39 €	21,52 €
MANTEMENTO (3 días/semán)	3,55 €	23,90 €
FITNESS (2 días/semán)	2,39 €	21,52 €
FITNESS (3 días/semán)	3,55 €	23,90 €
XIMNASIO + 1 ACTIVIDADE (3 días/semán)-	- €	35,93 €
XIMNASIO + 1 ACTIVIDADE (2 días/semán)	- €	29,99 €
AEROBIC + MANTEMENTO (5 días/semán)	5,94 €	35,93 €
3ª IDADE (2 días/semán)	GRATIS	12,03 €
AEROBIC PEQUES (2 días/semán)	GRATIS	21,52 €
AEROBIC INFANTIL (2 días/semán)	GRATIS	21,52 €
AEROBIC XOVEN (2 días/semán)	GRATIS	21,52 €
ABDOMINAIS (2 días/semán)	GRATIS	GRATIS
GLÚTEOS (2 días/semán)	GRATIS	GRATIS

BAÑO TURCO		
ACTIVIDADE:	ABOADOS	NON ABOADOS
1 USO	GRATIS	*GRATIS
HIDROMASAXE		
ACTIVIDADE:	ABOADOS	NON ABOADOS
1 USO	GRATIS	*GRATIS
MASAXE		
ACTIVIDADE	ABOADOS	NON ABOADOS
1 USO	12,03 €	21,52 €
SOLARIUM		
ACTIVIDADE:	ABOADOS	NON ABOADOS
1 USO	3,05 €	5,43 €
BONO 10 USOS	23,95 €	41,92 €
SAUNA		
ACTIVIDADE	ABOADOS	NON ABOADOS
1 USO	GRATIS	* GRATIS
PISTAS TENIS		
USO LIBRE (1 hora / pista)	ABOADOS	NON ABOADOS
NENOS (ata 14 anos)	0,86 €	1,47 €
ADULTOS	2,03 €	4,06 €
CURSOS (4 HORAS SEMANAIS) (1)		
	ABOADOS	NON ABOADOS
NENOS (ata 14 anos)	5,94 €	12,03 €
ADULTOS	9,03 €	17,97 €
POLIDEPORTIVOS		
USO LIBRE (1 hora / pista)	ABOADOS	NON ABOADOS
NENOS (ata 14 anos)	4,57 €	4,57 €
ADULTOS	9,24 €	9,24 €
CLUBES, COLEXIOS E ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIP.		GRATIS

(*) Gratis con calquera tipo de acceso á instalación

(1) Estes prezos son mensuais

ARTIGO 6º.—BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 7º.—PERCEPCIÓN.

Percíbese a taxa e nace a obriga de contribuír cando se presente a solicitude de prestación do servizo ou actividade.

ARTIGO 8º.—PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO.

O período impositivo coincidirá, nos abonados á piscina municipal, co mes natural, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irredutibles por dito período.

As tarifas que deban satisfacer os non abonados á piscina municipal devengaranse instantaneamente no momento de acceder ás instalacións.

O período impositivo, nos cursos impartidos na piscina municipal, coincidirá co período de desenvolvemento do curso, devengándose o primeiro día do período impositivo, sendo as cotas irredutibles por dito período.



Nas restantes instalacións deportivas e pola prestación de servizos sinalados na presente ordenanza, o período impositivo coincidirá co período petitionado polo suxeito pasivo para a utilización da instalación, devengándose a taxa no momento de formalizar a solicitude.

ARTIGO 9º.—INFRACCIÓN E SANCIÓN.

Nesta materia estarase ó disposto na Lei Xeral Tributaria e normativa de desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

18º.—ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR DOCUMENTOS QUE SE EXPIDAN OU DOS QUE ENTENDA A ADMINISTRACIÓN OU AUTORIDADE LOCAL A INSTANCIA DE PARTE.

ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.

O Pleno do Concello, no uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e polos artigos 15 a 19 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, acorda a imposición e ordenación da taxa polos documentos que expidan ou dos que entenda o Concello ou as autoridades locais, a instancia de parte.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

- 1.— Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as autoridades municipais.
- 2.— A estes efectos, entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fora provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediara solicitude expresa do interesado.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou que no seu interese redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES.

Serán responsables solidarios e subsidiarios das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 42 e 43 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA.

- 1.— A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coas tarifas que contén o artigo seguinte.
- 2.— A cota da tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ó interesado do acordo recaído.
- 3.— As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50 por 100 cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes.